

PREZO PUBLICO POLA VENTA DE ARTIGOS E PRODUTOS PROMOCIONAIS DO FESTIVAL DE ORTIGUEIRA E OUTROS SERVIZOS MUNICIPAIS

Artigo 1º.- Concepto

Este Concello establece o prezo público pola venta de artigos e produtos promocionais do Festival de Ortigueira e outros servizos municipais.

Artigo 2º.- Obriga de pago

Constitúe a obriga de pago deste prezo público, a adquisición a título oneroso dos produtos ou artigos promocionais do Festival de Ortigueira e outros servizos municipais que se concretan nesta ordenanza.

A entrega de artigos promocionais reservados para actos protocolarios non estarán suxeitos ao presente prezo público.

Artigo 3º.- Obrigado ao pagamento

Están obrigados ao pago deste prezo as persoas físicas ou xurídicas, por sí mesmas ou a través dos seus representantes, que adquiren os produtos ou artigos promocionais do Festival de Ortigueira e outros servizos municipais

Artigo 4º.- Data de nacemento da obriga de pago

O prezo público será esixible no momento da adquisición do produto ou artigo promocional a que fai referencia o artigo seguinte.

O pago do prezo efectuarse no momento da entrega.

Artigo 5º.- Tarifas.

Denominación do produto	Prezo venda en euros
CAMISETAS EDICIÓNS ANTERIORES DO FESTIVAL	10
CAMISETAS ADULTOS DE CADA ANO	15
CAMISETAS NENOS/NENAS,	8
POLOS ADULTOS.	25
SUDADEIRAS.	25
CINCEIRO PRATA	1
CINCEIRO PORTÁTIL	1
BANDOLEIRA	5
MOEDEIRO	5
PARAUGAS	15
CADERNO	3
CADERNO PEQUENO	2
MEMORIA USB	10
IMÁN	1

Denominación do produto	Prezo venda en euros
MARCAPÁXINAS	1
CHAPA	1
MACUTOS E BOLSAS,	15
PRATOS DE SARGADELOS,	16
MOCHILA PLÁSTICO	5
PORTA MÓBIL	3
IDENTIFICADOR DE VIAXE	2
GORRAS	3
PORTA TODO PRAIA	3
BOLÍGRAFO	1
XOGO LOGO	3
ESTUCHE	5
ALFOMBRILLA CALCULADORA	6
BLOC NOTAS	3
PORTA DOCUMENTOS	4
CALCULADORA	5
CARPETA LOGO	3
SET OFICINA	5
CHAVEIRO	3
CESTA MULTIUSOS	3
LANTERNA	4
FUNDA MÓBIL	4
AURICULARES	4
PULSEIRAS E COLGANTES DE COBRE,	15
PULSEIRAS E COLGANTES DE PRATA,	25
PEGATINAS ,	3
VINILOS,	5
PULSEIRA DE TELA	5
LIBROS	20
DVD Y DISCOS DE TODO TIPO,	15

Os importes anteriores levan incluído o IVE, se procede.

Artigo 6º.- Normas de xestión

Os prezos públicos liquidaranse pola totalidade dos bens ou produtos adquiridos polo obrigado ao pago.

O ingreso do importe liquidado realizarse no momento da entrega do produto, expedíndose o recibo da liquidación.

Mensualmente o responsable da dependencia onde se realice a venta dos produtos e artigos presentará na tesourería municipal a conta de recadación realizada, emitíndose o correspondente mandamento de ingreso e carta de pago xustificativa.

Pódese realizar a xestión e venda dos produtos deste acordo regulador mediante empresas terceiras, por calquera dos sistemas de selección existentes.